



## ACTA Nº 3 DA MESA DE CONTRATACIÓN. CONTRATO "SUMINISTRACIÓN, NA MODALIDADE DE RENTING, DE MÁQUINAS FOTOCOPIADORAS PARA O CONCELLO DE PORTO DO SON".

### ASISTENTES:

#### Presidente:

- D. José Luis Oujo Pouso (Alcalde-Presidente).

#### Vogais:

- D<sup>a</sup>. María José Maneiro Quintáns (Concelleira Delegada de Facenda).
- D. Julio Seijas Arufe (axente de desenvolvemento local do concello).
- D<sup>a</sup>. Manuela Barcia Vázquez (interventora do Concello).
- D. José Manuel González García (Secretario do Concello).

#### Secretaria:

D<sup>a</sup>. Silvana Janeiro Moas (auxiliar administrativa do Concello).

**HORA DE INICIO:** 10:20 horas.

**HORA DE REMATE:** 10:35 horas.

No Salón de Actos do Centro de Interpretación do Castro de Castro de Baroña, o **5 de outubro de 2015**, reúnese a Mesa de Contratación designada no procedemento "Humanización da Praza do Curro en Portosín", baixo a presidencia, por delegación do Sr. Alcalde-Presidente, de D. Antonio Romero Ribeiro e coa asistencia dos vogais que se relacionan á marxe.

Non asiste ningún representante das empresas licitadoras.

O obxecto da sesión é o de tratar os asuntos que se indican a continuación:

**Único.- Acto público de apertura do "sobre nº 3" (Criterios de adjudicación avaliados automaticamente) dos licitadores admitidos ao procedemento de contratación.**

Por indicación do Sr. presidente, o secretario do Concello procede a dar conta dos seguintes estremos:

a) Empresarios que concorreron á licitación: FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L., NEA F3 IBÉRICA, S.L.U., RICOCH ESPAÑA, S.L.U. e VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A.

b) Empresarios excluídos do procedemento e causas da exclusión:

- FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L.:
  - non axustarse a súa proposición contida ao disposto nos pregos de cláusulas administrativas particulares, posto que incluíu no sobre nº 2 ("Criterios dependentes dun xuízo de valor") a súa oferta de "prazo de resposta en caso de avaría" dos equipos, documento que debe formar parte da oferta a valorar mediante a aplicación de criterios de adjudicación avaliados automaticamente (sobre nº 3).

c) Puntuación obtida polos empresarios na fase de valoración dos "Criterios dependentes dun xuízo de valor" (sobre nº 2):

- RICOCH ESPAÑA, SLU: 12,00 puntos.



## CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

- VSM SISTEMAS ESPAÑA, SLU: 7,00 puntos.
- NEA F3 IBÉRICA, SLU: 7,00 puntos.

Non asiste ao acto público ningún representante dos empresarios licitadores.

De seguido, procédese á apertura, por orde alfabético, do "sobre nº 3" ("Criterios de adjudicación avaliados automaticamente") das proposicións presentadas polos empresarios admitidos na licitación do contrato, resultando:

OFERTA ECONÓMICA	NEA F3 IBÉRICA, SLU	RICOCH ESPAÑA, SLU	VSM SISTEMAS, SA
Canon de arrendo	875,00 €	1.131,55 €	940,00 €
Prezo copias b/n	0,008 €	0,0058 €	0,0062 €
Prezo copias cor	0,055 €	0,0288 €	0,035 €
Prazo de resposta avarías	4 horas	4 horas	2 horas

Concluída a apertura do sobre nº 3 ("Criterios de adjudicación avaliados automaticamente"), a Mesa de Contratación, por unanimidade, **ACORDA**:

**Único.-** Solicitar aos servizos municipais informe de valoración das proposicións presentadas polos licitadores (sobre nº 3 "Criterios de adjudicación avaliados automaticamente").

Porto do Son, a 5 de outubro de 2015.

Presidente,

  
D. José Luis Oujo Pouso.

Vogal,

  
D. Julio Seijas Arufe.

Vogal,

  
D. José Manuel González García

Vogal,

  
Dª. María José Maneiro Quintáns.

Vogal,

  
Dª. Manuela Barcia Vázquez.

Secretaria,

  
Dª. Silvana Janeiro Moas.